



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 30 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00059640D.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS. Referencia: 2022/00055084F. Por a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a execución do proxecto clave AC/22/177.06

Acórdase:

Primeiro: POR A DISPOSICIÓN da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia temporalmente os terreos de titularidade municipal, obtidos como cesión por parte do Ministerio de Obras Públicas da circunvalación a Santiago da Estrada N-550 e polo desenvolvemento urbanístico dos terreos adxacentes en ámbalas dúas marxes, precisos para e durante a execución do denominado "*Proxecto intercambio modal na cidade administrativa de San Caetano* Clave AC/22/177.06. Rematadas as obras formalizárase Acta de devolución dos terreos e entrega das obras realizadas.

A formalización da acta coa conformidade do Concello de Santiago determinará o nacemento da obriga deste Concello de asumir a súa titularidade, mantemento e conservación, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra asinado coa Consellería e que esta debe esixir a requirimento deste Concello, das da AXI o a mesma Consellería como promotora da obra e coas condicións que, no seu caso, este Concello faga constar na Acta.

Segundo: DAR CONFORMIDADE AO PROXECTO coas consideracións verquidas nos informes técnicos e ditame da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico transcritos nos antecedentes, con especial consideración á aproximación do largo dos carrís polos que circulen autobuses aos 3,50 mtrs.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00034665N.

Autorización cancelación do aval en concepto de garantía definitiva constituído pola empresa ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A, para responder do contrato de "Asistencia técnica para a redacción do proxecto de urbanización do SUP-7 Pontepedriña II e dirección de obra, en Santiago de Compostela" ante a Empresa Municipal da Vivenda e Solo de Santiago de Compostela, S.A. (EMUVISSA).

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a cancelación do aval en concepto de garantía definitiva a nome da empresa ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A, por importe de 4.921,97 € (Aval de Bankinter, S.A., inscrito no Rexistro Especial de Avals co nº 0144417 de Bankinter) para responder do contrato de "Asistencia técnica para a redacción do proxecto de urbanización do SUP-7 Pontepedriña II e dirección de obra, en Santiago de Compostela" ante a Empresa Municipal da Vivenda e Solo de Santiago de Compostela, S.A. (EMUVISSA).

Segundo.- Notificar este acordo á empresa ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, ao obxecto de que poida cancelar o citado aval ante a entidade Bankinter, S.A, dado que o orixinal do aval non consta depositado na Tesourería Municipal do Concello de Santiago de Compostela.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00015496W.

Autorización devolución da fianza definitiva depositada pola empresa, ASPAS EMPREGO para responder do contrato de “Servizo de conservación e mantemento do parque de Brandía (reservado a centros especiais de emprego D.A. 5ª do TRLCSP)” . CON/52/2017 .

Autorízase a devolución da fianza definitiva depositada pola empresa, ASPAS EMPREGO SL, por importe de 2.624,50 euros (Ingreso en metálico: Nº Operación 320180000092, nº de ingreso 20180000065) para responder do contrato de “Servizo de conservación e mantemento do parque de Brandía (reservado a centros especiais de emprego D.A. 5ª do TRLCSP)” . CON/52/2017 .

5. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00059401T.

Recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de obra Vertedoiro de Aríns.

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final da obra de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de Aríns e correlativa factura núm. 4928 expedida por EXPLOTACIONES GALLEGAS SL por un importe total de 76.235,84 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

6. DEPORTES. Referencia: 3548-Certificación final CON/68/2020.

Aprobación da certificación número 4 e final da obra Acondicionamento da praza de acceso ao campo de fútbol de Santa Isabel (CON/68/2020).

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación nº 4- FINAL, por importe de 5.068,56 euros da obra de ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE ACCESO AO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA ISABEL (CON/68/2020) adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local do 03/08/2021 á empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO SL.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

7. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/53/2015-CON/18/2020.

Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución da obra de “Acondicionamento para aparcamento exterior de parte da Parcela Re-4 colindante coa Escola de Música e Rúa de Altiboia”.

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de “Acondicionamento para aparcamento exterior de parte da Parcela Re-4 colindante coa Escola de Música e Rúa de Altiboia (Con/18/2020) emitida por EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A , por importe de 3.760,03 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

8. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora Desproi Promociones, SL.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (10) emitidas por “Desproi Promociones, SL” en concepto de aluguer de oficina local L-105 e baixo S-101, sito na rúa República Checa, nº 52, para oficinas municipais de medio rural correspondente aos meses de febreiro-novembro do ano 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CORENTA E NOVE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS (49.852,00€), e foron expedidas pola empresa “DESROI PROMOCIONES, SL por un importe total de 49.852,00 €.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. CENTROS CÍVICOS. Referencia: S/2022/424.

Convalidación da relación contable S/2022/424 de SERVEO SERVICIOS SAU por omisión de función interventora.

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de SERVEO SERVICIOS, SAU segundo se reflicte da relación contable do Concello de Santiago de Compostela S/2022/424, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2279900 que figura nas actas de conformidade da factura, por un importe total de 107.252,36 euros.

10. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00056974B.

Aprobación da validación da omisión da función interventora en relación á factura actura F/2022/4038 do provedor Estrategia y organización S.A. no marco do “Contrato administrativo de prestación do servizo de estudo para a elaboración do Plan de Acción da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro. Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITENTA E NOVE MIL CINCOCESTOS DOCE EUROS CON SESENTA E OITOCÉNTIMOS (89.512,68€) que corresponde á factura F/2022/4038 no marco do contrato “CONTRATO ADMINISTRATIVO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESTUDO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA 2030 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - ACTIVIDADE FINANCIADA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS PILOTO DE PLANS DE ACCIÓN LOCAL DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA DO MINISTERIO DE TRANSPORTE, MOBILIDADE E AXENDA URBANA” e que se achega no expediente.

11. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00053591D.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións de bolsas de material escolar para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas e aprobación de xustificacións das *bolsas de material escolar* para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 480010100/2022. O importe concedido é de 7.440 euros e o importe a aboar de 7.086,25 euros.

12. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00036875Z.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións das bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares dos meses de setembro, outubro e novembro do 2022, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas e aprobación de xustificacións das *bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares dos meses de setembro, outubro e novembro do 2022*, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 480010100/2022

1).- BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR: 7 MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO E NOVIEMBRE DO 2022

- Importe setembro: 44.743,45 euros.
- Importe outubro: 54.348,70 euros.
- Importe novembro: 59.692,84 euros.

2).- BOLSAS DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: 2 MESES DE OUTUBRO E NOVIEMBRE DO 2022

- Importe outubro: 10.822 euros.
- Importe novembro: 11.093,50 euros.

13. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00058652X.

Aprobación dos pagos a conta de TRALUSA, pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, decembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente o mes de decembro de 2022.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de trescentos oitenta e catro mil, catrocentos sesenta e un euro, con seis céntimos (384.461,06.-), a prol de "Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982" (U7003297-4), con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ó interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitalos.

14. DEPORTES. Referencia: 2022/00042227F.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Fundación Educación e Deporte de Santiago "FEDESA" para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada pola FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 25.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890020.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO por importe de 25.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890020.

15. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2021/00050178G. Aboamento de defensa e representación de Paula Prado del Río.

Acórdase:

Primeiro.- Recoñecer o principio de indemnidade á exconcelleira do Partido Popular no Concello de Santiago de Compostela, Paula Prado del Río, sobre gastos de representación ocasionados polas Dilixencias Previas procedemento abreviado 338/2014 tramitada perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Lugo e inhibidas ao Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela, baixo as Dilixencias Previas 476/2020.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación das minutas de honorarios profesionais por gastos de representación por un importe total de SETE MIL OITOCENTOS

SESENTA E CINCO EUROS (7.865,00 €), dos cales corresponden ao IVE a cantidade de MIL TRESCENTOS SESENTA E CINCO EUROS (1.365,00 €).

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00056845R.

Dación de conta de sentenzas recaídas nos procedementos PO 104/2021 ca1 e AP 4169/2022 TSX

Dase conta da Sentenza 65//2022 do 25.02.2022, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Santiago de Compostela.

Dase conta da Sentenza do TSX de Galicia 331/2022, do 9.09.2022, confirmatoria da de instancia. Procedemento: PO 104/2021; AP 4169/2022

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural de 21.12.2020, polo que se rexeita o recurso de reposición interposto contra o Decreto de data 26.06.2020, polo que se ordena o cese da actividade de explotación a desenvolver na rúa Lamas de Abade, Campo do Amo, Monte de Santamariña (Canteira de Santamariña).

Ambas sentenzas son FAVORABLES aos intereses municipais, ao desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto de contraio.

A parte demandante pretendía a anulación do acto administrativo impugnado argumentando, en síntese, a procedencia do arquivo do expediente, a caducidade deste e a perda sobrevida do obxecto procesual ao terse presentada unha comunicación previa para o desenvolvemento da actividade de explotación da canteira.

Tanto a sentenza de instancia como a de apelación desestiman todos os motivos de impugnación. O recurso resulta integramente desestimado, tanto na instancia como na apelación, con condena nas custas por importe de 700 euros na instancia e 1.000 euros na apelación.

A sentenza do TSX é firme ao non terse presentado pola parte demandante recurso de casación. A firmeza foi declarada mediante dilixencia de ordenación do XCA nº 1 de Santiago de Compostela de data 1.12.2022. Acórdase:

1. Tomar coñecemento das resolucións xudiciais.
2. Remitir ao Departamento de Disciplina Urbanística (Dirección da Área de Urbanismo) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00058727Q.

Dación de sentenza recaída no procedemento PA 386/2020 CA1

Dase conta da Sentenza 434/2022, do 30.11.2022, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PA 386/2020

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 10.017,21 euros como consecuencia dos danos derivados da caída en bicicleta nunha fochanca na rúa do Gozo 33.

A sentenza é FAVORABLE ao Concello, pois desestima integramente o recurso contencioso-administrativo.

Considera que, se ben non pode negarse a realidade da caída, a falta de claridade dos testemuños unido á ausencia de informe ou atestado da Policía Local, unido á falta de identificación da fochanca, levan á desestimación da reclamación.

A sentenza non é susceptible de recurso ao ser de contía inferior a 30.000 euros, polo que é firme. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Vicesecretaría para os efectos oportunos.